

ESTABA EN INFANTIL... E AGORA VOU PARA PRIMARIA



- ❖ Falarlle da nova etapa resaltando todo o que van aprender con **positividade** e **ilusión**. Por exemplo, as novas materias: mate, lingua, lingua, naturais, sociais, inglés, música, educación física, plástica, relixión ou alternativa a relixión.
- ❖ Evitar en todo o que poidades as mensaxes negativas tipo: “*Xa verás cando empeces primeiro vaste enterar do que é traballar*” ou “*como non traballes terás que repetir*”. Este tipo de ameazas empeoran o comportamento e as actitudes dos/as nenos/as.
- ❖ Anticiparlle os acontecementos de maneira realista, por exemplo: van seguir cos mesmos compañeiros/as, van a cambiar de titor/a, de mestres/as.
- ❖ Intentar non facer **comentarios negativos** sobre os deberes que comenzarán a ter en 1º de primaria.
- ❖ Mamás, papás!! Fundamental estar moi atentos a estes primeiros días de clase, sobre todo aos comentarios e actitudes que van a manifestar os vosos/as fillos/as.
- ❖ Na medida do posible tendes que **trasmitirilles ilusión**: revisando e forrando os libros e o material para o novo curso, poñerlle etiquetas co seu nome a todo o material...etc.
- ❖ Dende o principio de curso sería fundamental **dedicarlle un tempo diario ao traballo escolar na casa**. Isto é moi positivo para o neno/a e así que teña a sensación de que pode controlar e dominar a situación.
- ❖ A finais de **setembro** ou principios de **outubro** hai unha reunión informativa cas familias para informar do comezo de curso e a organización do grupo. **Para o curso 2020/21 hai que ter en conta as instrucións e o protocolo que envía a Consellería de Educación a consecuencia do COVID-19.**
- ❖ **É de suma importancia que acudades a esta reunión dada a excepcionalidade do novo curso, que vos informedes e plantexades dudas que creades convintes.**
- ❖ Este contacto continuo co centro trasmitelle aos/ás nenos/as que os pais estades ineresados nos seus estudos.
- ❖ **Debedes ter unha entrevista cos/as titores/as no primeiro trimestre xa que podeades coñecer de primeira man a adaptación do/a voso/a fillo/a a nova etapa.**